LINGUA GALEGA

1º) CONTA ATRÁS: en cinco minutos, escribe o maior número de substantivos que poidas das seguintes categorías:

OBXECTOS	PERSOAS	ANIMAIS	COUSAS

Lembra que os substantivos son as palabras que empregamos para nomear obxectos, persoas, animais, lugares, cousas,...

2º) Subliña (_____) os substantivos que atopes nos seguintes poemas e despois colócaos onde corresponda. Fai como no exemplo.

Lembra:
- O can (substantivo masculino).
- A mazá (substantivo feminino).

A balea

Que grande dona balea!
Non lle cabe o rabo na bañeira.
Pero iso, nada lle preocupa...
pois leva no lombo a ducha
e pode bañarse cando queira!

A píntega

Da súa cova húmida e fresca,
saíu a píntega sen présas
e busca algún bicho despistado,
miñoca, verme ou lesma,
que poida papar dun bocado.

O gato

Ao gato de pelo atigrado
gústalle andar polo tellado.
Miáñalle pola noite á lúa
e aos morcegos ben asusta
cando os ve pasar voando.

SUBSTANTIVOS MASCULINOS	SUBSTANTIVOS FEMININOS
	Balea